

# RESUMO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO

*Santiago de Compostela 04/04/2024*

O pasado mes de febreiro tivo lugar a reunión da Comisión de seguimento do acordo, na que se trataron as seguintes cuestións:

## SUPOSTOS SOLICITUDE DO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO:

- **Persoal laboral con grao I recoñecido na convocatoria do 2019:**
  - Na convocatoria do ano 2019 non existía o complemento de desempeño, soamente existía o concepto de carreira, dado que se considerou tratar ao persoal laboral como futuro persoal funcionario logo de superar os procesos de funcionarización.  
A esas persoas con **grao I recoñecido no 2019** sempre que **permanezan no mesmo Grupo, a solicitude de grao que realicen nesta nova convocatoria, será considerada como unha solicitude de grao II.** No caso de que o **grao I de 2019 fose decaído ou cambiase de grupo, nesta nova convocatoria se considerará a súa solicitude como grao I do complemento de desempeño.**
- **Persoal laboral con grao de carreira decaído. Dáse conta dun suposto:**
  - Persoal que tiña o **grao recoñecido no 2019**, como consecuencia da **non superación** do proceso de **funcionarización**, se lle **decae dese grao**. Posteriormente na **convocatoria de 2022, solicita un novo grao, e se lle recoñece con efectos do 01.01.2022.** Neste caso o sistema Breixo indica que xa percibiu este concepto de xaneiro ao mes de maio (percibiu o grao decaído). Analizado o suposto e por criterio da Intervención Delegada da Consellería, non se pode producir un solapamento do pagamento nestes casos, polo que no caso de decaemento, os **efectos económicos do novo grao serán dende o día seguinte ao decaemento do grao que lle foi suspendido.**
- **Persoal laboral con grao recoñecido no 2022 ou na convocatoria de 2023:**
  - Nestes casos, dado que xa existe o concepto de complemento de desempeño, o grao que se recoñeza será neste concepto.

## INTERPRETACIÓN DO ARTIGO 3.2 DO ACORDO:

Acórdase a seguinte interpretación ao respecto do **artigo 3.2** do acordo que **exclúe** o acceso a este réxime extraordinario de aquel **persoal que tivese recoñecido algún grao de complemento de desempeño na convocatoria de 2022:**

**Exceptúase** desta exclusión a aquel **persoal** laboral cuxa carreira **recoñecida na convocatoria do 2022 fose suspendida por non superar** o correspondente proceso de **funcionarización**, tendo en conta que este

persoal **ten sido convocado** dende o 15 de xaneiro a participar nun novo proceso e que a **solicitud** de recoñecemento está **condicionada a superar o novo proceso** de funcionarización.

## PROPOSTAS PRESENTADAS POR CC.OO E UGT

- Proposta para o suposto do **cómputo da antigüidade**:
  - Dado que na **derradeira convocatoria** de recoñecemento extraordinario do complemento de desempeño, dáse unha **nova redacción á antigüidade necesaria** que se debe acreditar como requisito; **CCOO e UGT solicitamos** que esta nova redacción se aplique á convocatoria anterior e se **revisen as solicitudes desestimadas por non acreditar a antigüidade mínima**.
  - A **Administración** entende que a redacción da nova convocatoria **non pode ter efectos retroactivos, nin pode implicar a revisión do resolto**, polo que non se acada acordo ao respecto.
  
- Cómputo de servizos prestados para o **persoal fixo-descontinuo**:
  - **UGT e CCOO solicitamos a revisión do criterio para acreditación do cómputo dos servizos prestados** para o acceso ao complemento de desempeño por parte do **persoal fixo-descontinuo ou con contratos inferiores á xornada ordinaria**, de xeito que se utilice o **mesmo criterio** que o empregado para os **trienios** e non se aplique o criterio de esixir 60 meses completos.
  - Tras un pequeno debate, **non se acada acordo**, quedando as **partes en estudar unha solución**.